



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornada Réxime xurídico da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia: perspectiva xurisdicional e administrativa.

**CONVOCATORIA:** Xornada Réxime xurídico da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia: perspectiva xurisdicional e administrativa

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	8
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2023
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 13/09/2023 - 09:00h ao 19/09/2023 - 23:59h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

A presente xornada persegue o obxectivo de proporcionar unha visión global do réxime xurídico do sector eólico en Galicia tanto desde a perspectiva xurisdicional, nos ámbitos constitucional e contencioso-administrativo, como desde a perspectiva procedemental, con especial fincapé nos aspectos ambientais.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

### PROGRAMA

- O control xurisdicional da actuación ambiental.
- Xurisprudencia ambiental do Tribunal Supremo e as enerxías renovables.
- A última xurisprudencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre enerxía eólica.
- A lexislación eólica de Galicia: cuestións actuais que presenta a súa aplicación.
- A tramitación ambiental dos parques eólicos pola Xunta de Galicia.
- A incidencia do procedemento autonómico na xestión da enerxía eólica en Galicia.
- As medidas cautelares nos procesos contenciosos en materia de enerxía eólica: singularidades e problemática.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas limitado pola capacidade do local.

A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na base terceira da resolución respecto das persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e, despois, seleccionar, en nome do curso, a xornada Réxime xurídico da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia: perspectiva xurisdicional e administrativa.

### 3. DATOS EDICIÓN

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 21/09/2023 a 21/09/2023

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**SALON DE ACTOS:** O día 21 de setembro de 09:30 a 14:00. O día 21 de setembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA